*- Declaración Responsable, de data maio de 2023, asinada electrónicamente por José Isidro López Yañez, con data 9 de maio de 2023, na que:*

*"Declara, baixo a súa responsabilidade, que o documento do instrumento de planeamento indicado nesta declaración é plenamente coincidente nos diferentes formatos nos que se presenta. No relativo ao soporte dixital, e para garantir a ausencia de alteracións posteriores no documento entregado, declárase que a carpeta comprimida do soporte dixital non editable (PDF) e a carpeta comprimida do soporte dixital editable, identificadas en ambos casos mediante a pegada dixital que se indica nesta declaración, contén documentos de planeamento plenamente coincidentes.".*

*- Documento de Aprobación Definitiva. Índice xeral (3 páxinas).*

*- Documento de Aprobación Definitiva. Memoria Xustificativa. (16 páxinas e 4 planos).*

*Unha vez examinado o documento cumpre sinalar que existe un erro no apartado nº 7, documentación, no referente á denominación dos planos a modificar posto que se refiren ao plano O-2, folla 13 e o que resulta modificar é o O-3, folla 09.*

*O documento carece de sinatura visible.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Con data 22 de maio de 2023, rexistro número 202399900000869, José Ramón Blanco Fernández, en representación da entidade Estudio Técnico Gallego, S.A., achega documentación corrixida sobre o documento entregado o pasado día 9 de maio de 2023, referida á corrección de erros número 1 do Plan Xeral de Pontedeume. Dita documentación consiste en:*

*- Declaración Responsable, de data maio de 2023, asinada electrónicamente por José Isidro López Yañez, con data 22 de maio de 2023, na que:*

*"Declara, baixo a súa responsabilidade, que o documento do instrumento de planeamento indicado nesta declaración é plenamente coincidente nos diferentes formatos nos que se presenta. No relativo ao soporte dixital, e para garantir a ausencia de alteracións posteriores no documento entregado, declárase que a carpeta comprimida do soporte dixital non editable (PDF) e a carpeta comprimida do soporte dixital editable, identificadas en ambos casos mediante a pegada dixital que se indica nesta declaración, contén documentos de planeamento plenamente coincidentes.".*

*- Documento de Aprobación Definitiva. Índice xeral (3 páxinas).*

*- Documento de Aprobación Definitiva. Memoria Xustificativa. (16 páxinas e 4 planos).*

*A corrección de erros está regulada no artigo 109 (Revogación de actos e rectificación de erros) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), que se refire así no seu número 2:*

*«As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos».*

*Constitúe reiterada doutrina xurisprudencial a consideración exposta en sentenzas como a do Tribunal Supremo, Sala 3ª Sección 4ª do 18 de xuño de 2001, na cal «Para que sexa posible a rectificación de erros materiais ao abeiro do artigo 111 da LPA aplicable ao caso axuizado por razóns temporais, segundo constante é mester considerar que o erro material ou de feito se caracteriza por ser ostensible, manifesto, indiscutible e evidente por si mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos, e por exteriorizarse prima facie pola súa soa contemplación (fronte ao carácter de cualificación xurídica, seguida dunha declaración baseada nela, que manifesta o erro de dereito), polo que, para poder aplicar o mecanismo procedemental de rectificación de erros materiais ou de feito se require que concorran, en esencia, as seguintes circunstancias:*

*1) Que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos;*

*2) Que o erro se aprecie tendo que conta exclusivamente os datos do expediente administrativo en que se advirte;*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*3) Que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables;*

*4) Que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos;*

*5) Que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou exixa unha operación de cualificación xurídica);*

*6) Que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a súa anulación ou revogación en canto creador de dereitos subxectivos producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador deberá mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificadora de oficio, encubrir unha auténtica revisión; e*

*7) Que se aplique cun fondo criterio restritivo».*

*Consonte o establecido na xurisprudencia, sentenzas do Tribunal Supremo do 18 de xuño de 2001 (RX 2001, 9512) (casación 2947/1993 ) –con cita de sentenzas do 18 de maio de 1967, do 15 de outubro de 1984 (RX 1984, 5099), do 31 de outubro de 1984, do 16 de novembro de 1984, do 30 de maio de 1985 (RX 1985, 2325), do 18 de setembro de 1985, do 31 de xaneiro de 1989, do 13 de marzo de 1989, do 29 de marzo de 1989, do 9 de outubro de 1989 (RX 1989, 7033), do 26 de outubro de 1989, do 20 de decembro de 1989, do 27 de febreiro de 1990 (RX 1990, 1521), do 23 de decembro de 1991, do 16 de novembro de 1999 (RX 1998, 8127)– para que sexa posible a rectificación de erros:*
*«...é mester considerar que o erro material ou de feito se caracteriza por ser ostensible, manifesto, indiscutible e evidente por si mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos, e por exteriorizarse prima facie pola súa soa contemplación (fronte ao carácter de cualificación xurídica, seguida dunha declaración basada nela, que manifesta o erro de dereito)».*

*Como se manifestou con anterioridade, constan no expediente informes tanto do Servizo de Asistencia Técnica a municipios da Deputación da Coruña como do propio técnico municipal que consideran procedente a corrección de erros motivada na disfuncionalidade de executar a ordenación urbanística coa literalidade detallada na documentación gráfica aprobada definitivamente do plan xeral de Pontedeume. Asimesmo se indica que dita corrección de erros consistirá no traslado da aliñación ao borde do camiño público existente, coa mesma distancia de 4 m. ao eixo do camiño que consta no resto do seu trazado, en coherencia coas normas de aplicación directas e có proxecto de ampliación do cemiterio informado favorablemente pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, así como o axuste menor da superficie do ámbito cualificado como Equipamento (RL-6) ao límite do aliñamento resultante.*

*As parcelas catastrais que están afectadas, se corresponden con:*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA | SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA | DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

# CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES DE BIEN INMUEBLE

**Referencia catastral:** 000900900NJ60F0001SZ

## DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

**Localización:**
LG SAN COSME Polígono 10
SAN COSME. 15609 PONTEDEUME [A CORUÑA]

**Clase:** URBANO
**Uso principal:** Industrial
**Superficie construida:** 1.084 m2
**Año construcción:** 2019

**Construcción**

| Destino | Escalera / Planta / Puerta | Superficie m² |
|---|---|---|
| OBR URB INT | NI/CH/OS | 386 |
| OBR URB INT | S/UE/LO | 698 |

## PARCELA

**Superficie gráfica:** 1.084 m2
**Participación del inmueble:** 100,00 %
**Tipo:** Parcela construida sin división horizontal




Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del "Acceso a datos catastrales no protegidos de la SEC"



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA | SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA | DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

## CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES DE BIEN INMUEBLE

**Referencia catastral:** 000901000NJ60F0001JZ

### DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

**Localización:**
LG SAN COSME Polígono 10
SAN COSME. 15609 PONTEDEUME [A CORUÑA]

**Clase:** URBANO
**Uso principal:** Religioso
**Superficie construida:** 913 m2
**Año construcción:** 1890

**Construcción**

| Destino | Escalera / Planta / Puerta | Superficie m² |
|---|---|---|
| RELIGIOSO | 1/00/A | 137 |
| OBR URB INT | S/UE/LO | 776 |

### PARCELA

**Superficie gráfica:** 913 m2
**Participación del inmueble:** 100,00 %
**Tipo:** Parcela construida sin división horizontal




Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del "Acceso a datos catastrales no protegidos de la SEC"

*Consulta descriptiva e gráfica dos datos catastrais das parcelas efectadas pola corrección de erro do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontedeume.*

*O alcance da corrección é modificar tanto, documentos planimétricos (Plano nº O-1, folla nº 2.- Planos de Ordenación. Estructura xeral do territorio e Plano nº O-3, folla nº 9. Planos de Ordenación. Calificación do solo do térmo municipal), como o epígrafe 5.4.5.- Cadro Resumo de Equipamentos e Zonas Verdes.*

*Por conseguinte, o alcance da corrección do erro ven motivada pola existencia dunha aliñación oficial que fracciona terreos a os que o planeamento outorga a cualificación de Equipamento Comunitario de propiedade privada no mesmo ámbito do adro da igrexa de San Cosme, sin a necesaria calificación como viario destes terreos, resultando imposible e inadecuada a execución da ordenación urbanística que se contempla no plano O3-09 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Pontedeume.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.




*Detalle da aliñación actual na catografía do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontedeume.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.




*Detalle da aliñación actual na catografía do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontedeume.*

*Postos así cumpriría sinalar que o fundamento da corrección do erro consiste en trasladar a aliñación actual ao camiño público existente, cunha distancia de separación de 4,00 m. ao eixo da vía, tal e como se observa no resto do seu trazado, todo elo con relación á aplicación do artigo 92.1 da Lei do Solo de Galicia. Debe axustarse a superficie do ámbito do Equipamento RL-6 ao aliñamento de resultado.*

*No propio documento redactado ao efecto se indica que o alcance da corrección de erros consiste:*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*“na fixación da aliñación ao borde do camiño público existente, a 4 m. do eixo deste, así como a consecuente reaxuste da delimitación do equipamento a aliñación resultante.*
*A corrección de erros implica polo tanto a modificación do plano da serie nº 1, folla 2 e o plano da serie nº 3, folla nº 9. Asemade, afecta a outros documentos do PXMO, no referido ó cálculo das superficies de equipamento.”.*

*A base cartográfica utilizada para a corrección de erros é a mesma que a da realización do PXOM.*




*Detalle da aliñación modificada na catografía do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontedeume.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**




*Detalle da aliñación modificada na catografía do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontedeume.*
*Visto o informe técnico emitido o día 23 de maio de 2023.*

***PROPOÑO:***

***PRIMEIRO**. Outorgar aprobación inicial á corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Pontedeume (A Coruña) nos termos indicados na parte expositiva do presente acordo.*

***SEGUNDO**. De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aprobará definitivamente, se procede, a*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Pontedeume, e inscribirá de oficio a corrección de erros no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.*

***TERCEIRO**. De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas, unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico."*

Sen intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes."

A Presidencia abre a quenda para o debate, toma a palabra a Sra. Bellón para explicar a proposta. A concelleira Sra. Souto e o Sr. Rodríguez indican que se axilice no posible a tramitación.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO**, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**. Outorgar aprobación inicial á corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Pontedeume (A Coruña) nos termos indicados na parte expositiva do presente acordo.

**SEGUNDO**. De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aprobará definitivamente, se procede, a corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Pontedeume, e inscribirá de oficio a corrección de erros no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

**TERCEIRO**. De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas, unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico**.**

**7.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2023. 2ª FASE" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 24/07/2023, que que se transcribe a continuación:

**"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**
**SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 24 DE XULLO DE 2023**
**EXPDTE: 2023/G012/000013**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**5.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2023. 2ª FASE" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2023. 2ª FASE" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA***

*Expediente: 2022/A003/000045 – 2023/G006/000140*

*Logo de ver a circular da Deputación Provincial da Coruña de a 26 de maio de 2023, pola que se comunica ao Concello de Pontedeume a cantidade que lle corresponde ao Concello de Pontedeume no POS + ADICIONAL 2/2023, para gasto corrente e investimentos financeiramente sostibles, por maior achega provincial é de :*

| *CONCELLO* | *Asignación POS+ AD 2/2023 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles* |
|---|---|
| *Pontedeume* | *331.088,84* |

*Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2023, podendo optar por aplicalo libremente a un só deles ou aos dous:*

***Gastos correntes** do concello devengados durante o exercicio 2023, segundo se definen na Base 2.1 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao Plan Base se así se solicitaron polo concello.*

***Investimentos financeiramente sostibles**, segundo se definen no apartado específico da Base 2.2 e concordantes.*

*O POS+ Adicional 2/2023 aprobarase en **dúas fases** e o pódese participar nunha fase ou nas dúas:*
*Na **1ª fase** incluiranse exclusivamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2023, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polos concellos e unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva no POS+ Adicional 2/2023. O **prazo de presentación de documentación desta 1ª fase estendese desde o 26 de xuño de 2023 ata as 15.00 horas do 14 de xullo de 2023.***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Na **2ª fase** incluirase o gasto corrente de servizos públicos obrigatorios devengados no exercicio 2023, distintos dos xa financiados con cargo ao Plan Base se así se solicitaron, e/ou os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello acorde financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2023. O **prazo de presentación de documentación desta segunda fase esténdese desde o 17 de xullo de 2023 ata as 15.00 horas do 29 de setembro de 2023.***

***Tendo en conta a providencia da alcaldía de data** 05/07/2023, cuxo contido se transcribe, en estrato:*
*"…//…*
*Tendo en conta o anterior **DISPOÑO**.-*

***PRIMEIRO.-** . A tramitación do expediente para a participación do Concello de Pontedeume*
*Na 2ª fase do Plan, coa inclusión no POS+ Adicional 2/2023 dos seguintes*

***Gastos correntes** do concello devengados durante o exercicio 2023, segundo se definen na Base 2.1 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao Plan Base se así se solicitaron polo Concello, os seguintes:*

*ALUMEADO PÚBLICO: SUBMINISTRACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA: **331.088,84 €***

***SEGUNDO.-** A emisión dos informes que procedan."*

*Logo de ver o informe da intervención municipal (Anexo IV) de data 05.07.2023.*

*Esta Alcaldía -Presidencia, somete a ditame da comisión informativa, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

***PRIMEIRO**.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2023"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

***A ) Financiamento de gastos correntes:***

| ***Gastos correntes*** | ***Deputación*** |
|---|---|
| *Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base* | ***331.088,84 €*** |

***B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:***

| ***Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao*** | ***Financiamento dos investimentos*** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | ***Deputación*** | ***Concello*** | | | ***Orzamento total*** |
| | | ***Achega municipal*** | ***IVE soportado*** | ***Total concello*** | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | deducible | | |
| ~~POS+ 2023~~ | | | | | |
| TOTAL | | | | | |

| Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 | Financiamento dos investimentos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable ) | Total concello | |
| | | | | | |
| TOTAL | | | | | |

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.*

***C) Resumo de financiamento:***

| | | Concello | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE | Deputación | Concello | IVE Soportado deducible | Total concello | Orzamento Total |
| Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base | 331.088,84 € | | | | 331.088,84 € |
| Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 | | | | | |
| Investimentos novos non incluídos no Plan | | | | | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Complementario ao POS+ 2023*** | | | | | |
| ***TOTAL*** | *331.088,84 €* | | | | ***331.088,84 €*** |

***SEGUNDO****.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.*

***TERCEIRO****.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

***CUARTO****.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achéguese o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

***QUINTO****.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

***SEXTO****.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

*No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno..”*

Sen intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes.””

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO**, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2023”** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

| **Gastos correntes** | **Deputación** |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados | **331.088,84 €** |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base | |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:**

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 | Financiamento dos investimentos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total concello | |
| | | | | | |
| TOTAL | | | | | |

| Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 | Financiamento dos investimentos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable) | Total concello | |
| | | | | | |
| TOTAL | | | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Resumo de financiamento:**

| POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE | Deputación | Concello | | | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Concello | IVE Soportado deducible | Total concello | |
| Gastos correntes do 2023 distintos | 331.088,84 € | | | | 331.088,84 € |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| dos solicitados no Plan Base | | | | | |
| Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 | | | | | |
| Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 | | | | | |
| **TOTAL** | 331.088,84 € | | | | **331.088,84 €** |

**SEGUNDO**.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

**TERCEIRO**.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**CUARTO**.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**QUINTO**.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**SEXTO**.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A "REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME" _ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 24/07/2023, que que se transcribe a continuación:



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**""DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**
**SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 24 DE XULLO DE 2023**
**EXPDTE: 2023/G012/000013**

**FÓRA DA ORDE DO DÍA.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A "REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME" _ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME**

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***EXPDTE. 2023/G006/000087, 2020/A003/000042 e 2019/X999/000500***

***ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A "REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME" _ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME***

*A Deputación Provincial da Coruña presentou a finais de 2021, por iniciativa dos Concellos da Comarca do Eume, un PSTD extraordinario supramunicipal: o Proxecto Fragas do Eume que implica aos concellos de As Pontes de García Rodríguez, A Capela, Cabanas, Monfero e Pontedeume.*

*Este proxecto está dirixido a incrementar a sustentabilidade e capacidade operativa do territorio o dos xestores do mesmo, reforzando a colaboración público – privada para responder á caída da demanda e a necesaria adaptación dos destinos turísticos consecuencia da crise sanitaria global.*

*A quinta política do Plan de Recuperación,Transformación e Resilencia (PRTR) está a denominada "Modernización e dixitalización do tecido industrial e da Peme, recuperación do turismo e impulso a unha España Nación Emprendedora" e materialízase, polo que respecta ao sector turístico, a través da compoñente catorce: "Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico", cuxo obxectivo principal é transformar e modernizar o sector turístico en España a través da sustentabilidade e a dixitalización, aumentando a súa competitividade e resiliencia.*

*Esta compoñente ten catro grandes eixos e no primeiro deles é no que se sitúa a Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, que pretende situar a sustentabilidade como pedra angular da transformación do modelo turístico, que ten o seu reflexo nos Plans Territoriais de Sustentabilidade*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Turística, que a súa vez articulan a súa intervención por medio dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD), que se constitúen como plans cuxo deseño e execución corresponde aos entes locais de cada un dos destinos, e orientaranse á resolución da problemática dos destinos que estea á súa vez interrelacionada cos obxectivos previstos na Estratexia de SustentabilidadeTurística en Destinos e cos demais obxectivos estratéxicos estatais e autonómicos en materia de turismo competitividade e resiliencia.*

*A solicitude de PSTD para o Proxecto Fragas do Eume foi aprobada e formalizouse na Resolución de 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo (BOE núm. 312, do 29.12.2021), cun orzamento de 1,5 millóns de euros, dividido en 3 anualidades (coas súas correspondentes accións e partidas económicas) e sen posibilidade de prórroga alén da finalización dos devanditos 3 anos.*

*Dentro das propostas de actuación do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume atópase a de **"Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue**".*

*A acción consiste na rehabilitación dun edificio actualmente en estado de abandono para a localización dun novo albergue de peregrinos no Camiño Inglés da rede do Camiño de Santiago, sito na rúa Atafona nº30; parcela que ten como referencia catastral 7263401NJ6076S0001RW. Dado o estado da edificación, plantéase unha rehabilitación integral*

*O importe destinado para a realización desta actuación é de 300.000,00 €, pero o orzamento do proxecto de execución ascende a 375.360,44 euros.*

*O Concello de Pontedeume para solventar a diferencia de 75.360,44 € que hai entre a subvención recibida e o proxecto de execución, proponlle ao alcalde do Concello das Pontes que lle ceda esta cantidade dunha das accións a levar no seu Concello; pero este acordo entre ambas partes debe contar co beneplacito dos cinco representantes dos Concellos que forman parte do PSTD para o proxecto das Fragas do Eume, isto é os Concellos de Cabanas, Pontedeume, As Pontes, Monfero e A Capela.*

*O Concello de Pontedeume comprométese en futuras convocatorias á flexibilización das súas partidas en caso de ser necesario, en prol do Concello das Pontes*

*A través de documento asinado en data 22.09.2022, os representantes dos Concellos que forman parte do PSTD para o proxecto das Fragas do Eume, dan a súa conformidade para que o Concello das Pontes ceda a cantidade de 75.360,44 € de unha das actuacións previstas para este Concello dentro do PSTD do proxecto Fragas do Eume.*

*A Deputación da Coruña no exercicio das súas competencias de asistencia técnica e económica aos concellos da provincia ven de propoñer a esta Administración a tramitación do CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A "REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME"_ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME"*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Tendo en conta que o concello de Pontedeume formalizou en documento administrativo e escritura pública ante o notario de Pontedeume D. Alvar Quintanilla López-Tafall, cesión a título gratuito do inmoble denominado "El Hospitalillo" para a súa rehabilitación e destino a albergue de peregrinos do Camiño de Santiago en data 29/04/2016 e vista a adenda asinada por* ***D****. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Pontedeume en data 18/07/202 e D. Fernando Barros Fornos en representación do Arzobispado de Santiago de Compostela, na que amplian a vixencia do convenio de cesión co fin de permitir a execución das obras vinculadas a este expediente, ata o 31 de decembro de 2046 co fin de construir un Albergue de Peregrinos do Camiño de Santiago, nas condicións pactadas.*

*Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria da Corporación en data 19/07/2023.*

*Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación o seguinte:*

***PRIMEIRO****.- Aprobar o convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume con CIF P-1507000F para financiar a actuación nº 9 do PSTD Fragas do Eume "Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue" financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU.*
*Esta actuación enmárcase dentro do PSTD Fragas do Eume, no eixe 4 relativo as actuacións no ámbito da competitividade, actuación nº 9, segundo a táboa de actuacións aprobada dentro do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de A Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU, que se ve modificada na reprogramación aprobada na Comisión de seguimento do PSTD Fragas do Eume de 29 de marzo de 2023*
*A Deputación da Coruña farase cargo da execución das obras, contratación e supervisión das mesmas, cun custo previsto no PSTD Fragas do Eume que ascende a un total de 375.360,44 € con contribución da UE 100%.*

***«CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A "REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME."***

*Na Coruña, o XX de XXXX de 2023*
*Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.*
***REUNIDOS***
*Dunha parte, D. _____________, ________________, representación da Deputación Provincial da Coruña.*
*E doutra parte D. _____________, ________________, en representación do Concello de Pontedeume*
*Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas*

***M A N I F E S T A N***
***Primeiro****.- A Deputación Provincial da Coruña presentou un Plan de Sostibilidade Turística en Destino ao Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico financiado dentro do Plan de Recuperación,*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, cuxas bases están reguladas pola Estrategiade sostenibilidad turística en destinos (2021)*
***Segundo.***- *Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de "Proxecto en cooperación", e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de cooperación para esta blecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento da actuación "Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue" dentro do marco do proxecto PSTD Fragas do Eume.*
*O orzamento da actuación é de trescentos setenta e cinco mil trescentos sesenta con corenta e catro euros (375.360,44 euros) e cunha contribución da Unión Europea do 100%*
.
*Dado o interese da Deputación e o Concello de Pontedeume para a realización dás obras de rehabilitación do edificio para albergue de peregrinos, ambas as partes acordan formalizar o presente convenio en base as seguintes cláusulas.*
*Por todo o exposto, as partes:*

***ACORDAN***

*Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:*

***I.- OBXECTO***
*O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pontedeume, para a realización das obras* ***REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME.***

*A finalidade é rehabilitar o edificio para o seu uso como albergue de peregrinos. Trátase dun antigo hospital que atendía aos peregrinos na súa viaxe cara a Santiago de Compostela. Foi construído polo arcebispo Raxoi no século XVIII. Na actualidade, é un volume pétreo en avanzado estado de ruína e situado a carón da Igrexa de Santiago.*

***II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.***
*O presuposto total da execución de contrata da obra.*

- *Orzamento sen IVE: 310.215,24 €*
- *IVE: 65.145,20 €*
- *Orzamento con IVE: 375.360,44 €*

***Presuposto de execución por contrata ................................... 375.360,44 €***

***III.- FINANCIAMENTO.***

*A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras con fondos do PSTD Fragas do Eume, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega de*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*375.360,44 euros con cargo á aplicación orzamentaria, o que representa unha porcentaxe do 100%. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4327/650.*

***IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.***

*1. A Deputación contratará a execución das obras incluídas no proxecto obxecto de financiamento de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.*

*2. A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Pontedeume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.*

*Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polos Servizos Técnicos da mesma, non xerando polo tanto gastos neste concepto.*

*3. A contratación da coordinación de seguridade e saúde corresponderá a Deputación da Coruña e aboará os gastos que diso se deriven.*

*4. A contratación do control de calidade da obra corresponderá a Deputación da Coruña que abonará os gastos que diso se deriven.*

*5. As certificacións mensuais que emita a dirección de obra serán remitidas á Deputación da Coruña para a seu pago con cargo ao PSTD Fragas do Eume.*

*6. As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos artigos 204, 205 e 242 da LCSP.*

*A estes efectos o Concello de Pontedeume, como promotor do proxecto orixinal, remitirá á Deputación o proxecto modificado a efectos da súa supervisión.*

*No suposto de que o informe fose desfavorable, o Concello de Pontedeume realizará os trámites para a súa corrección.*

*Unha vez que o proxecto conte co informe favorable da Deputación, procederase á aprobación do proxecto modificado requirindo a previa existencia de crédito adecuado e suficiente.*

*7. A Dirección da obra, notificará cunha antelación de dez días como mínimo, a data prevista da acta de recepción para que poida asistir un técnico da Deputación Provincial da Coruña se así se considera.*

*A acta de recepción será asinada polos interventores de ambas administracións públicas (Deputación da Coruña e Concello de Pontedeume), ou as persoas nas que deleguen, os codirectores de obra e un técnico do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios ou do Servizo de Arquitectura e Mantemento.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*8. Unha vez recibidas as obras formalizarase unha acta de entrega da obra rematada ao Concello de Pontedeume, que terá lugar en un prazo non superior á 15 días desde a recepción das obras.*

*9. Todos os gastos posteriores de conservación e mantemento corresponderán ao Concello de Pontedeume.*

***V.- POSTA A DISPOSICIÓN DO INMOBLE.***

*O Concello de Pontedeume pon a disposición da Deputación o inmoble a fin de que se poidan executar as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do inmoble.*

***VI.- AUTORIZACIÓN.***

*Faise constar que o proxecto indicado na cláusula primeira conta coa autorización da dirección xeral de patrimonio.*

***VII.- POSTA A DISPOSICIÓN DE INSTALACIÓNS.***

*O Concello de Pontedeume porá a disposición da Deputación, e durante un período de cinco anos durante 15 días cada ano, unha sala no edificio rehabilitado para que a realización de actividades de tipo cultural.*

***VIII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL***

*1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, colocarase un cartel visible, conforme as indicacións do Manual de Comunicación para Gestores y Beneficiarios de los Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, sen prexuízo doutras indicación que poidan ser de aplicación*

*2. Rematada a obra, colocarase unha placa en lugar visible segundo o establecido no Manual de Comunicación para Gestores y Beneficiarios de los Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, sen prexuízo doutras indicación que poidan ser de aplicación. Deberá respectar a estética e as características do monumento.*

***IX.- VIXENCIA.***

*O presente convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta de entrega das obras rematadas ao Concello de Pontedeume, e en todo caso o 30 de Novembro de 2024, prorrogable por causas xustificadas.*

***X.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE***

*1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño,*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.*
*2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderaslle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.*
*3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.*

*E en proba de conformidade, asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento*

| | |
|---|---|
| ***O REPRESENTANTE DA DEPUTACÓN PROVINCIAL DA COURÑA*** | ***O REPRESENTANTE DO CONCELLO PONTEDEUME*** |

***A SECRETARIA XERAL***
***DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA***
*Asdo.: Amparo Taboada Gil*»

***SEGUNDO***.- *Delegar na Deputación da Coruña a contratación da execución das obras incluídas no proxecto de financiamento de acordo do disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.*

*A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Pontedeume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan. Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polos Servizos Técnicos da mesma, non xerando polo tanto gastos neste concepto*

***TERCEIRO***.- *Delegar na Deputación da Coruña a contratación da coordinación de seguridade e saúde e do control de calidade segundo o indicado nas cláusulas do convenio que se aproba.*

***CUARTO***.- *O Concello de Pontedeume pon a disposición da Deputación o inmoble a fin de que se poidan executar as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do inmoble.*

***QUINTO***.- *Asumir cantas obrigas deriven da formalización do convenio que se aprobe co fin da execución e xustificación das obras financiadas con cargo aos Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, e facultar ao Sr. Alcalde do concello de Pontedeume co fin de dar cumprimento ás mesmas e a subscribir cantos actos administrativos sexan necesarios ao efecto.*
***SEXTO***.- *Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña e aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.”

Sen intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes..”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra a concelleira Sra. Piñeiro para explicar a proposta que se somete a aprobación.
O Sr. Rodríguez pregunta o prazo e a concelleira Sra. Piñeiro indica que é o 30 de novembro de 2024.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO**, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Aprobar o convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume con CIF P-1507000F para financiar a actuación nº 9 do PSTD Fragas do Eume “Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue” financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU.
Esta actuación enmárcase dentro do PSTD Fragas do Eume, no eixe 4 relativo as actuacións no ámbito da competitividade, actuación nº 9, segundo a táboa de actuacións aprobada dentro do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de A Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU, que se ve modificada na reprogramación aprobada na Comisión de seguimento do PSTD Fragas do Eume de 29 de marzo de 2023
A Deputación da Coruña farase cargo da execución das obras, contratación e supervisión das mesmas, cun custo previsto no PSTD Fragas do Eume que ascende a un total de 375.360,44 € con contribución da UE 100%.

***«CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME.”***

*Na Coruña, o XX de XXXX de 2023*
*Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.*
***REUNIDOS***
*Dunha parte, D. _____________, ________________, representación da Deputación Provincial da Coruña.*
*E doutra parte D. _____________, ________________, en representación do Concello de Pontedeume*
*Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas*

***M A N I F E S T A N***
***Primeiro**.- A Deputación Provincial da Coruña presentou un Plan de Sostibilidade Turística en Destino ao Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico financiado dentro do Plan de Recuperación,*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, cuxas bases están reguladas pola Estrategiade sostenibilidad turística en destinos (2021)*
***Segundo.**- Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de "Proxecto en cooperación", e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de cooperación para esta blecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento da actuación "Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue" dentro do marco do proxecto PSTD Fragas do Eume.*
*O orzamento da actuación é de trescentos setenta e cinco mil trescentos sesenta con corenta e catro euros (375.360,44 euros) e cunha contribución da Unión Europea do 100%*
*.*
*Dado o interese da Deputación e o Concello de Pontedeume para a realización dás obras de rehabilitación do edificio para albergue de peregrinos, ambas as partes acordan formalizar o presente convenio en base as seguintes cláusulas.*
*Por todo o exposto, as partes:*

***ACORDAN***

*Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:*

***I.- OBXECTO***
*O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pontedeume, para a realización das obras* ***REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME.***

*A finalidade é rehabilitar o edificio para o seu uso como albergue de peregrinos. Trátase dun antigo hospital que atendía aos peregrinos na súa viaxe cara a Santiago de Compostela. Foi construído polo arcebispo Raxoi no século XVIII. Na actualidade, é un volume pétreo en avanzado estado de ruína e situado a carón da Igrexa de Santiago.*

***II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.***
*O presuposto total da execución de contrata da obra.*

- *Orzamento sen IVE: 310.215,24 €*
- *IVE: 65.145,20 €*
- *Orzamento con IVE: 375.360,44 €*

***Presuposto de execución por contrata ................................... 375.360,44 €***

***III.- FINANCIAMENTO.***

*A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras con fondos do PSTD Fragas do Eume, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega de*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*375.360,44 euros con cargo á aplicación orzamentaria, o que representa unha porcentaxe do 100%. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4327/650.*

***IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.***

*1. A Deputación contratará a execución das obras incluídas no proxecto obxecto de financiamento de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.*

*2. A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Pontedeume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.*

*Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polos Servizos Técnicos da mesma, non xerando polo tanto gastos neste concepto.*

*3. A contratación da coordinación de seguridade e saúde corresponderá a Deputación da Coruña e aboará os gastos que diso se deriven.*

*4. A contratación do control de calidade da obra corresponderá a Deputación da Coruña que abonará os gastos que diso se deriven.*

*5. As certificacións mensuais que emita a dirección de obra serán remitidas á Deputación da Coruña para a seu pago con cargo ao PSTD Fragas do Eume.*

*6. As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos artigos 204, 205 e 242 da LCSP.*

*A estes efectos o Concello de Pontedeume, como promotor do proxecto orixinal, remitirá á Deputación o proxecto modificado a efectos da súa supervisión.*

*No suposto de que o informe fose desfavorable, o Concello de Pontedeume realizará os trámites para a súa corrección.*

*Unha vez que o proxecto conte co informe favorable da Deputación, procederase á aprobación do proxecto modificado requirindo a previa existencia de crédito adecuado e suficiente.*

*7. A Dirección da obra, notificará cunha antelación de dez días como mínimo, a data prevista da acta de recepción para que poida asistir un técnico da Deputación Provincial da Coruña se así se considera.*

*A acta de recepción será asinada polos interventores de ambas administracións públicas (Deputación da Coruña e Concello de Pontedeume), ou as persoas nas que deleguen, os codirectores de obra e un técnico do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios ou do Servizo de Arquitectura e Mantemento.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*8. Unha vez recibidas as obras formalizarase unha acta de entrega da obra rematada ao Concello de Pontedeume, que terá lugar en un prazo non superior á 15 días desde a recepción das obras.*

*9. Todos os gastos posteriores de conservación e mantemento corresponderán ao Concello de Pontedeume.*

***V.- POSTA A DISPOSICIÓN DO INMOBLE.***

*O Concello de Pontedeume pon a disposición da Deputación o inmoble a fin de que se poidan executar as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do inmoble.*

***VI.- AUTORIZACIÓN.***

*Faise constar que o proxecto indicado na cláusula primeira conta coa autorización da dirección xeral de patrimonio.*

***VII.- POSTA A DISPOSICIÓN DE INSTALACIÓNS.***

*O Concello de Pontedeume porá a disposición da Deputación, e durante un período de cinco anos durante 15 días cada ano, unha sala no edificio rehabilitado para que a realización de actividades de tipo cultural.*

***VIII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL***
*1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, colocarase un cartel visible, conforme as indicacións do Manual de Comunicación para Gestores y Beneficiarios de los Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, sen prexuízo doutras indicación que poidan ser de aplicación*
*2. Rematada a obra, colocarase unha placa en lugar visible segundo o establecido no Manual de Comunicación para Gestores y Beneficiarios de los Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, sen prexuízo doutras indicación que poidan ser de aplicación. Deberá respectar a estética e as características do monumento.*

***IX.- VIXENCIA.***

*O presente convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta de entrega das obras rematadas ao Concello de Pontedeume, e en todo caso o 30 de Novembro de 2024, prorrogable por causas xustificadas.*

***X.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE***
*1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño,*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.*
*2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderaslle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.*
*3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.*

*E en proba de conformidade, asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento*

| | |
|---|---|
| ***O REPRESENTANTE DA DEPUTACÓN PROVINCIAL DA COURÑA*** | ***O REPRESENTANTE DO CONCELLO PONTEDEUME*** |

***A SECRETARIA XERAL***
***DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA***
*Asdo.: Amparo Taboada Gil*»

**SEGUNDO**.- Delegar na Deputación da Coruña a contratación da execución das obras incluídas no proxecto de financiamento de acordo do disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Pontedeume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan. Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polos Servizos Técnicos da mesma, non xerando polo tanto gastos neste concepto

**TERCEIRO**.- Delegar na Deputación da Coruña a contratación da coordinación de seguridade e saúde e do control de calidade segundo o indicado nas cláusulas do convenio que se aproba.

**CUARTO**.- O Concello de Pontedeume pon a disposición da Deputación o inmoble a fin de que se poidan executar as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do inmoble.

**QUINTO**.- Asumir cantas obrigas deriven da formalización do convenio que se aprobe co fin da execución e xustificación das obras financiadas con cargo aos *Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia,* e facultar ao Sr. Alcalde do concello de Pontedeume co fin de dar cumprimento ás mesmas e a subscribir cantos actos administrativos sexan necesarios ao efecto.

**SEXTO**.- Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña e aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**9.- DAR CONTA DO INFORME RESUMEN ANUAL DO CONTROL INTERNO 2022.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA***

***INFORME RESUMEN ANUAL DO CONTROL INTERNO 2022***

*(Expediente TEDeC: 2023/G006/000132)*

*En cumprimento do artigo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.*

*Esta Alcaldía formula a seguinte* ***PROPOSTA****:*

***ÚNICO****.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 74/2023, de asunto: " Informe resumen anual del control interno 2022, en cumplimiento del artículo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Loca"*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

**10.- DAR CONTA DA COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DO ESFORZO FISCAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA***

***COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DO ESFORZO FISCAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021***

*(Expediente TEDeC: 2023/G006/000133)*

*En cumprimento das obrigas de remisión de información do esforzo fiscal ao Ministerio de Hacienda y Función Pública, rematando o prazo o 30/06/2022.*

*Esta Alcaldía formula a seguinte* ***PROPOSTA****:*

***ÚNICO****.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 102/2023, de asunto: "Comunicación da remisión do esforzo fiscal correspondente ao exercicio 2021"*

*Os concelleiros e concelleiras presentes* ***TOMAN RAZÓN***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**11.- DAR CONTA DO INFORME INTERVENCIÓN 123/2023: PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE E ADXUNTOS (SEGUNDO TRIMESTRE 2023).**

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***<<PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN***

***DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 123/2023 PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE E ADXUNTOS (SEGUNDO TRIMESTRE 2023)***

*(Expediente TEDeC: 2023/Q001/000010-2023/G006/000139)*

*Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:*

*"(...) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*
*4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.*
*5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)"*

*Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,*

*Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:*

***ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 123/2023, de asunto:"Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao segundo trimestre de 2023>>*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN"**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**12. DAR CONTA O INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 137/2023, DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2023)**

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA***

***REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2023)***

*(Expediente TEDeC: 2023/Q001/000011- 2023/G006/000147)*

*Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)*
*Esta Alcaldía formula a seguinte* ***PROPOSTA****:*

***ÚNICO.-*** *Dar conta do informe de Intervención de referencia 137/2023, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 2º Trimestre de 2023.***"**

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

**13.- DAR CONTA DO INFORME DO SEMINARIO DE ONOMÁSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA VERBO DA CONSULTA DA SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA SOBRE A SOLICITUDE DE CAMBIO DE NOME DUNHA ENTIDADE DE POBOACIÓN DE PONTEDEUME.**

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**"*DACIÓN DE CONTA***

***EXPEDIENTE: 2023/X999/000071 CAMBIO TOPÓNIMO OFICIAL "A HERBOSA" POLO TOPÓNIMO PATRIMONIAL "A ARBOSA" NA PARROQUIA DE BOEBRE***

***ASUNTO: DAR CONTA DO INFORME DO SEMINARIO DE ONOMÁSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA VERBO DA CONSULTA DA SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA SOBRE A SOLICITUDE DE CAMBIO DE NOME DUNHA ENTIDADE DE POBOACIÓN DE PONTEDEUME.***

*O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día xoves 30 de marzo de 2023 adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe en estrato:*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***<<3.- CAMBIO DO TOPÓNIMO OFICIAL "A HERBOSA" POLO TOPÓNIMO "A ARBOSA", PARROQUIA DE BOEBRE.***

*...//...*
*Non habendo máis intervencións, sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:*

***PRIMEIRO**.- Solicitar á Xunta de Galicia a iniciación do expediente de cambio do topónimo oficial A Herbosa, recollido no "Decreto 189/2003, de 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspontente ás entidades de poboación da provincia da Coruña" (DOG nº 59 de 25/03/2003), polo topónimo patrimonial A Arbosa, na parroquia de Santiago de Boebre, no Concello de Pontedeume.*

***SEGUNDO**.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Secretaría Xeral de Política Lingüística.*

***TERCEIRO**.- Notificar o presente acordo á representación da Asociación Cultural Ardóbriga >>*

*O día 05.04.2023, rexistro de saída número 202390000000261, envíase certificado do acordo citada á Secretaria Xeral de Política Lingüística.*

*O día 01.06.2023 recíbese oficio da Secretaria Xeral de Política Lingüística, (rexistro de entrada número 202390000000654), achegando reposta ofrecida polo Seminario de Onomástica, así como un informe sobre o topónimo obxecto da consulta; que se transcribe a continuación:*

***<<INFORME DO SEMINARIO DE ONOMÁSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA VERBO DA CONSULTA DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA SOBRE A SOLICITUDE DE CAMBIO DE NOME DUNHA ENTIDADE DE POBOACIÓN DE PONTEDEUME***

*A Comisión de Toponimia ditaminou no Nomenclátor de Galicia (2003) o topónimo A Herbosa como denominación do lugar que comparten as parroquias de Boebre e Perbes, nos concellos de Pontedeume e Miño, respectivamente.*

*O nome de lugar, que se incorpora ós nomenclátores a finais do séc. XX pois non é unha aldea tradicional, figura na documentación histórica como A Herbosa, polo menos desde o séc. XVII (ano 1609), topónimo que, sen ningunha dúbida, contén un derivado abundancial de herba: o feminino do adxectivo herboso, herbosa 'que está cuberto de herba' [https://academia.gal/dicionario/-/termo/herbosa]. Non cabe ningunha outra interpretación etimolóxica e a existencia dunha forma gráfica (A) Arbosa só reflicte a contracción do artigo coa vogal inicial do topónimo que se produce na oralidade por fonética sintáctica, pronuncia que non é incompatible coa forma normativa A Herbosa.*

*A forma A Herbosa responde ademais ó criterio etimolóxico, que se recolle na introdución do Nomenclátor: "Cando un mesmo lugar ten dous nomes que son variantes fonéticas opcionais, optouse pola forma máis arcaica ou a coincidente co galego estándar, se é un apelativo do vocabulario común: Covela / Cuvela ~ Cobela; A Abelleira / A Abilleira".**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Por todo isto, o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega non pode propoñer a modificación deste topónimo no NG, contraria ós criterios científicos da súa elaboración.*

**Engádese con este escrito o informe sobre o topónimo que se enviou como resposta a unha solicitude da Asociación Cultural Ardóbriga de Pontedeume.>>*

*Logo de ver o informe do Seminario de Onomástica, fíxose unha consulta, via enderezo electrónico á Secretaria Xeral de Política Lingüística sobre as actuacións a seguir polo Concello ao cal responderon o día 08.06.2023 do seguinte xeito:*

*<<A Secretaría Xeral de Polítíca Lingüísfica doulle traslado a ese concello respecto da petición de modificación dun topónimo. O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega elaborou un ditame e un informe sobre o topónimo obxecto da consulta. A conclusión motivada do órgano informante da RAG foi que non procedía o cambio. As competencias do Seminario de Onomástica son de informe e non resolutivas. Para o caso de que o informe do Seminario de Onomástica fose favorable ao cambio o asunto pasaría á Comisión de Toponimia que o órgano da Xunta de Galicia a quen lle corresponde aprobar a modificación dun topónimo no Nomenclator. Neste caso, non é necesario que o concello desista da súa petición, porén, tendo en conta o sentido do informe motivado do Seminario de Onomástica da RAG o topónimo valido e en uso segue a ser o que figura na actualidade no Nomenclator sen que proceda aprobar a súa modificación>>*

*En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa* ***TOMA DE RAZÓN****.”*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

**14.- ASUNTOS DE URXENCIA**

A Presidencia presenta un asunto para ser incluído na orde do día

**FÓRA DA ORDE DO DÍA.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2024**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía en funcións, que que se transcribe a continuación:

***“PROPOSTA DE ACORDO FORA DA ORDE DO DÍA.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2024 Expediente TEDeC: 2023/X999/000175***

*Logo de ver o escrito da Consellaría de Emprego e Igualdade, documento con rexistro de entrada nº 202300000001574, de 27.07.2023, cuxo contido se transcribe, en estrato: “...//...Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2024, que deberá remitir a este departamento territorial antes do día 1 de setembro de 2023....//...”*

*Á vista da necesidade da determinación por acordo plenario das datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o ano 2024, co obxecto da elaboración do calendario laboral. Esta Alcaldía en funcións somete ao Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

***PRIMEIRO**.- Determinar como festas locais para o 2024 as seguintes datas:*

*- Mércores 8 de maio (San Miguel de Breamo)*
*- Martes 10 de setembro (Festas das Peras)*

***SEGUNDO**.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Emprego e Igualdade, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.”*

De seguido, sométese a votación a urxencia do asunto, e a súa inclusión na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA** e a **INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DA PROPOSTA**, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO**, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Determinar como festas locais para o 2024 as seguintes datas:
- Mércores 8 de maio (San Miguel de Breamo) - Martes 10 de setembro (Festas das Peras)

**SEGUNDO**.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Emprego e Igualdade, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

**15.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES**

O grupo municipal do PSdG-PSOE presentou para este Pleno unha moción urxente:

- **Moción en defensa do servizo básico e esencia da educación pública**

Toma a palabra a voceira do grupo municipal do PsdeG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro, que da conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



O Grupo Municipal Socialista do Concello de Pontedeume, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

**"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Rematado o curso escolar 2022-2023 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a consellería de educación da Xunta de Galicia levou a cabo neste curso a prol do ensino publico de calidade. Recordamos que este curso comezou complexo para as familias coas consecuencias económicas da guerra de Ucraína. Neste aspecto a Xunta de Galicia olvidouse das familias completamente á diferencia do goberno de España que impulsou adianto do pago das becas e unha axuda complementaria de 400€ coa intención de reducir o impacto económico derivado da invasión de Ucraína no custoso inicio de curso. Suspenso da Xunta de Galicia en apoio extraordinario en momento de dificultade derivados da guerra de Ucraína.

A política actual do Partido Popular limitouse a axudas mínimas ás rendas baixas e alumnado con necesidades específicas e apoio educativo (NEAE), axudas ridículas para material escolar que nin cobren o custo dos libros de texto, nin son universais. Pódese dicir que a Xunta de Galicia tivo abandonada ás familias máis necesitadas durante este curso a pesar dos fondos recibidos do goberno do Estado para estes fins. Suspenso da Xunta de Galicia en políticas de axudas e becas.

Neste curso tamén se puxo en marcha a reforma do sistema educativo propiciado pol**a** Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en adiante LOMLOE), que é clave para a modernización da educación deste país. A Xunta de Galicia opúxose a esta nova lei educativa caracterizándose como unha comunidade autónoma que non quer modernizarse e poñendo trabas en todo momento dificultando a súa posta en marcha a toda comunidade educativa. Nesta materia tamén temos que decir que a Xunta de Galicia suspende claramente xa que foi a única entidade que obstaculizou a súa implementación ante a aceptación de toda comunidade educativa (sindicatos, profesorado, Anpas) que non quere cambio lexislativo e o que si quere é seguir avanzando como sociedade coa LOMLOE.

O único que aproba o Partido Popular é nos recortes educativos, iso dáselle ben a este goberno, sobre todo nas zonas do rural e que este curso tamén chegaron ás grandes cidades. A Xunta de Galicia da as costas ao profesorado e o estudantado deste país, sendo estes só números os cales manexan sempre con intereses para o seu goberno e non tanto para a calidade de vida dos cidadáns.

Os recortes aplicados no inicio do presente curso 2022-23 foron os seguintes:

- O peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en zonas rurais.
- A perda de profesorado de apoio ao alumnado especialmente vulnerable con necesidades específicas de apoio educativo.
- O aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "récord" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos/as por aula.

● A redución da oferta educativa: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.
● O aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden as e os orientadores.
● A implantación de novos módulos de FP sen especialistas e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.

Estes recortes efectuados no inicio do curso 2022-23 consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos que abondan na seu deterioro. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación. Os datos din que hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento. Por isto temos que dicir que a Xunta de Galicia suspende en inversión efectiva na educación pública.

A Xunta de Galicia segue a mirar cara outro lado cando se trata de inversión nos centros educativos da nosa vila. Levamos anos reclamando unha reforma integral do CEIP Andrade, onde a maioría das súas instalacións chegaron xa ao fin da súa vida útil , sen que un correcto mantemento poida arranxar o deterioro ocasionado polos anos. E no CEIP Couceiro Freijomil seguimos sen recibir unha solución ao arranxo dunha rampa que foi estruturalmente mal plantexada e que limita o acceso a este centro, para desconxestionar as entradas e saídas de cada día lectivo.

Do mesmo xeito que segue a mirar cara outro lado cando falamos de sentenzas xudiciais, e xa levamos tres, emitidas polo TSXG que anulan as adxudicación dos lotes contratados pola Xunta de Galicia á UTE Monbus por exceder os límite permitido legalmente neste tipo de contratacións. E por se iso era pouco, a entrada en vigor destes contratos repercutiu negativamente no servizo de transporte escolar, xa que dende entón estamos a sufrir constantes atrasos nos horarios, alumnado que non pode acceder a este servizo por habilitarse insuficientes plazas e a perigosidade que supón a organización das rutas escolares que fan que un mesmo chófer teña que facer varios servizos nun prazo mínimo de tempo .

E lembremos que a Xunta de Galicia leva máis de dous anos sen querer asumir a sentenza xudicial do TSX de Extremadura que xera xurisprudencia en materia de competencias e que estima que as entidades locais só teñen a obriga de mantemento e conservación daqueles centros escolares da súa titularidade, esclarecendo así a competencia de cada unha das administracións nun aspecto que divide á comunidade educativa e afoga económicamente aos concellos.

En setembro do 2022 esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, que fixera público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo estado como pola UE para a mellora da educación pública (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas. En ocultar datos e información si que aproban, pero en transparencia para a cidadanía en materia educativa a Xunta de Galicia suspende.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 21/11/2023 14:46:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 22/11/2023 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: i1MtnRVGAumvh6f7jv/p
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Na valoración final deste curso 2022-2023 a Xunta de Galicia en materia educativa suspende, considerando así que un goberno que non inverte na mellora educativa do seu país debería non promocionar. Si o goberno non promociona a sociedade tampouco, retrocedendo e quedando á cola de España e moito máis aínda da Comunidade Europea.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Pontedeume insta á Xunta de Galicia a:

1. A cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materias e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación.
2. A recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.
3. A que faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado.
4. Garantir o servizo de transporte escolar para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de todas as etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias.
